


MAPAS MENTAIS


QUE SON

É un diagrama usado para representar IDEAS e CONCEPTOS dispostos radialmente ao redor dunha PALABRA CRAVE ou dunha IDEA CENTRAL. Os mapas mentais son un método moi eficaz para extraer e MEMORIZAR INFORMACIÓN.



EN QUE SE DIFERENCIAN DOS MAPAS CONCEPTUAIS

Os MAPAS CONCEPTUAIS céntranse exclusivamente no VERBAL polo cal son máis limitados que os mapas mentais. Os MAPAS MENTAIS, pola contra, apóianse máis no VISUAL (recursos gráficos, imaxes, cores, etc.), que facilitan a comprensión e o recordo, así como, a xeración de novas asociacións de ideas.



QUE NECESITAS

- Unha folla de papel en branco.
- Rotuladores de cores.
- A túa imaxinación.

REGRAS PARA CONSTRUIR UN MAPA MENTAL

PRIMEIRA REGRA:

Empeza no CENTRO da folla en branco. Desta forma as ideas poderán moverse en todas as direccións.



SEGUNDA REGRA:

Debuxa nese centro unha IMAXE que simbolice a IDEA PRINCIPAL. Así, establecerás un núcleo de atención. UNHA IMAXE VALE MÁIS QUE MIL PALABRAS.




TERCEIRA REGRA:

Partindo da idea central traza RAMAS DE DISTINTAS CORES cara ao exterior coas palabras clave e ideas máis importantes. Fai as liñas máis finas a medida que te vaias afastando do centro. Desta forma crearás unha estrutura ordeada de ideas asociadas.

CUARTA REGRA:

Traza LIÑAS CURVAS en lugar de rectas. As liñas curvas son menos aburridas e espertan maior interese.



QUINTA REGRA:

Trata de utilizar UNHA Ou DÚAS PALABRAS CRAVE por cada liña. É máis fácil lembrar unha palabra que unha frase. Ademais, cada unha destas palabras clave pode seguir xerando por si mesmas novas ramificacións.

SEXTA REGRA:

UTILIZA TODAS As IMAXES QUE POIDAS. Cantas máis uses máis elocuente será o teu mapa. Lembra o que dicimos na segunda regra, se unha imaxe vale máis que mil palabras, imaxina todo o que podes transmitir con dez imaxes.



FONTES:

http://cursomapasmentales.igipuzkoa.net/pdf/es_ES/manual_mapas_mentales.pdf

<http://es.slideshare.net/cristoreyvalladolid/mapas-mentales-7460456>

ACTIVIDADE PRÁCTICA

Fai un mapa mental con seguinte texto:

A Segunda Guerra Mundial

A Segunda Guerra Mundial deuse entre 1939 e 1945 e foi o conflito mais destructivo da historia. Calculase que morreron entre 50 e 60 millóns de persoas e se gastaron 100 mil millóns de balas.

A causa mais importante foi o desexo de expansión de países como Alemania e Italia. De feito, a guerra comezou coa invasión de Polonia por parte de Alemania no 1 de setembro de 1939, tendo lugar os primeiros disparos as 4:43 da madrugada.

Os bandos enfrontados foron, por un lado, o bando aliado formado por Francia, Inglaterra, Estados Unidos e a Unión Soviética e, por outro lado, as chamadas potencias do Eixe, que eran Alemania, Italia e Xapón. Posteriormente entraron na guerra moitos mais países chegando a reunirse un total mais de 100 millóns de soldados.



CPI VIRXE DA SALETA

DPTO. DE ORIENTACIÓN

Déronse moitas batallas, nas que destacan a batalla de Inglaterra, onde se enfrontaron os avións alemánes e ingleses co protagonismo dos modelos Spitfire mk.I e Messerschmitt me 109 versión E. Na batalla de Stalingrado o exercito alemán sufriu unha gran derrota fronte o soviético.

Finalmente, a guerra rematou coa victoria dos países aliados e a derrota de Alemania, Italia e Xapón. A última acción da guerra foi o lanzamento das bombas atómicas nas cidades xaponesas de Hiroshima e Nagasaki e 6 e 9 de agosto de 1945. Esta acción foi levada a cabo polo avión B-29 matriculado Enola Gay ao mando do coronel Tibbets.

